

Orde do 16 de marzo de 2001 pola que se regula o procedemento para a admisión de alumnos en educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria en centros sostidos con fondos públicos.

(DOG do 11 de abril de 2001)

O Decreto 87/1995, do 16 de marzo, establece os criterios de admisión de alumnos nos centros docentes dos niveis non universitarios sostidos con fondos públicos. Na súa disposición derradeira faculta á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para dicta-las disposicións que esixa o desenvolvemento e a execución do dito Decreto. A Orden do 5 de abril de 1995 (DOG do 10 de maio) desenvolve o citado Decreto e establece o correspondente procedemento de admisión. Transcorridos varios anos, á vista da experiencia adquirida, parece oportuno introducir distintas modificacións no procedemento co fin de facelo máis operativo.

En consecuencia co anterior, esta Consellería dispón:

Capítulo I
Disposicións xerais

Artigo 1º.- A escolarización de alumnos e alumnas nos centros de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria sostidos con fondos públicos realizarase segundo o establecido nos artigos seguintes.

Capítulo II
Escolarización mediante reserva de praza

Artigo 2º.- Os directores dos centros establecerán un período do 1 ó 10 de marzo para que tódolos alumnos e alumnas do centro poidan solicita-la reserva de praza sen que a súa continuidade no mesmo requira novo proceso de admisión. A non solicitude de reserva implica a escolarización mediante o proceso de admisión regulado no Capítulo III desta orde.

Artigo 3º.- As reservas axustaranse ó modelo oficial que se publica como anexo I a esta orde e terán a consideración de solicitude ós efectos previstos no artigo 10º desta orde.

Artigo 4º.- Ós efectos de escolarización dos alumnos e alumnas sen necesidade dun novo proceso de admisión, os delegados provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de acordo coa planificación previamente realizada para atende-las necesidades de escolarización, poderán adscribi-los centros públicos de educación primaria a institutos de educación secundaria nos que se imparta educación secundaria obrigatoria. Esta mesma adscripción poderase aprobar para os centros privados concertados, previa solicitude dos mesmos, ben a institutos de educación secundaria ben a outros centros privados, e, neste último caso, realizarase preferentemente a aqueles centros que estean no mesmo recinto escolar ou que pertencen ó mesmo titular.

Capítulo III
Escolarización mediante proceso de admisión.

Artigo 5º.- Fixada a capacidade dos centros pola inspección educativa e coñecidas as reservas de prazas, os directores dos centros farán público, antes do 16 de marzo, o número de postos escolares dispoñibles para o curso seguinte especificados por curso e nivel.

Artigo 6º.- O prazo de presentación de solicitudes de admisión será do 16 de marzo ó 16 de abril. Cando este último coincida con día non lectivo prorrogarase automaticamente ata o primeiro día lectivo.

Artigo 7º.- As solicitudes axustaranse ó modelo oficial que se publica como anexo II a esta orden e presentaranse xunto coa documentación que acredite o cumprimento dos requisitos académicos esixidos e con tódolos xustificantes dos criterios de baremación establecidos no anexo III.

Artigo 8º.- A presentación dos xustificantes dos criterios de baremación ten carácter voluntario. A non presentación dalgún deles suporá a renuncia explícita a ser baremado no criterio correspondente.

Artigo 9º.-

1. Cada solicitante presentará unha única instancia, relacionando nela, por orden de preferencia, tódolos centros nos que solicita praza. Dita instancia será entregada no centro que solicita en primeiro lugar.

2. No caso de que o alumno non obtivese praza no centro solicitado en primeiro lugar, o Director remitirá a solicitude, xunto coa correspondente documentación, á delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que procederá a escolariza-lo alumno de acordo co que se dispón nesta orde.

Artigo 10º.- No caso de que o alumno presente máis dunha solicitude non se terá en conta ningunha delas, procedéndose á súa escolarización ó final do proceso. Do mesmo xeito se procederá coas solicitudes entregadas fóra de prazo.

Artigo 11º.- Sen prexuízo do sinalado no punto 1 do artigo 9º, as delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderán dispoñer que, en determinadas localidades, as solicitudes se presenten nun único centro ou dependencia.

Artigo 12º.- Os alumnos que soliciten e obteñan praza nun centro distinto ó que lles corresponda, segundo a distribución de zonas de influencia aprobada pola delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, non terán dereito a ningún dos servizos complementarios establecidos con carácter gratuíto e sufragados pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Artigo 13º.-

1. As delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria delimitarán as zonas de influencia dos centros co obxecto de aplica-la puntuación que corresponda por proximidade do domicilio. Para determina-la área de influencia de cada centro terase en conta a súa capacidade e a poboación a escolarizar do seu ámbito.

2. As resolucións das delegacións polas que se determinan as zonas de influencia dos centros deberanse facer públicas para xeral coñecemento e notificar a tódolos centros afectados.

Artigo 14º.- Os órganos competentes dos centros, conforme ó establecido no artigo 17º do Decreto 87/1995, do 16 de marzo, adxudicaránlle-los postos escolares vacantes ós alumnos que o soliciten e reúnan os requisitos previstos no artigo 6º do dito Decreto, conforme ós seguintes criterios:

a) No suposto de que nun centro existan máis prazas vacantes que solicitudes, serán admitidos tódolos solicitantes.

b) Se o número de solicitantes é superior ó de prazas vacantes, adxudicáranse-lles estas ós solicitantes que obteñan maior puntuación, logo de aplica-los criterios de baremación fixados no anexo III a esta orde.

Artigo 15º.- A resolución pola que se adxudican as prazas e a relación dos solicitantes, coa totalidade da puntuación outorgada por apartados, faranse públicas antes do día 10 de maio no taboleiro de anuncios do centro. Simultaneamente enviaranse á delegación da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria copias das mesmas xunto co número de prazas non cubertas, detalladas por cursos e niveis, e coa documentación que sinala o punto 2 do artigo 9º.

Artigo 16º.-

1. As delegacións provinciais da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria poderán constituír, nas localidades que crean convenientes, comisións de escolarización. Estas comisións terán como funcións: propoñer a delimitación das zonas de influencia dos centros para a súa aprobación segundo se establece no artigo 13º e distribuír aqueles alumnos que non obteñan posto escolar no centro solicitado en primeiro lugar entre os centros que contén con prazas vacantes, tendo en conta as preferencias dos alumnos e os criterios de baremación establecidos no anexo III.

2. As resolucións das comisións de escolarización ou, se é o caso, da inspección educativa serán remitidas a cada centro, onde se farán públicas antes do 10 de xuño, xunto coa documentación dos alumnos destinados a el.

Artigo 17º.- As delegacións provinciais de educación adoptarán, se é o caso, as medidas necesarias para garanti-la escolarización dos alumnos do ensino básico.

Artigo 18º.- As comisións de escolarización estarán integradas por:

- Un membro da inspección educativa, designado polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que actuará como presidente.
- Un director dun centro público designado polo delegado.
- Un titular dun centro concertado designado polo delegado.
- Dous representantes dos pais de alumnos: un designado polas federacións das asociacións de pais de alumnos de centros públicos e outro designado polas federacións das asociacións de pais de alumnos de centros privados concertados.
- Un representante do concello.

Actuará como secretario da comisión, con voz pero sen voto, un funcionario designado polo delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Capítulo IV Formalización da Matrícula

Artigo 19º.-

1. Os alumnos, admitidos en cada centro mediante calquera dos procesos descritos nos capítulos II e III desta orde, formalizarán a súa matrícula no mesmo.

2. A formalización da matrícula farase mediante un impreso no que necesariamente conste a sinatura do pai, nai ou tutor legal ordinario ou persoa que ostente a garda e protección do alumno, que poderá ser deseñado por cada centro ou, no seu defecto, utilizaranse os que figuran como anexo IV a esta Orde: IV a) para educación infantil e primaria e IV b) para educación secundaria obrigatoria.

Artigo 20º.- Os prazos de formalización de matrícula serán os seguintes:

- Do 20 ó 30 de xuño, para os alumnos de educación infantil e de educación primaria.
- Do 25 de xuño ó 10 de xullo para os alumnos de educación secundaria obrigatoria.

Transcorridos estes prazos, entenderase que o alumno non matriculado renuncia á praza.

Artigo 21º.- Rematado o prazo de matrícula, os directores de centros públicos e os titulares de centros concertados comunicarán á delegación provincial de educación o número de postos escolares vacantes especificando curso e nivel.

Capítulo V

Escolarización de alumnos que rematan primaria.

Artigo 22º.- Os alumnos, que rematen a educación primaria en centros públicos integrados e fagan a reserva de praza prevista no artigo 2º desta orde, quedarán automaticamente admitidos e, unha vez que formalicen a matrícula nos prazos previstos no artigo 20º desta orde, o centro procederá á súa inscrición na páxina 16 do libro de escolaridade do ensino básico.

Artigo 23º.-

1. Os alumnos, que ó remata-la educación primaria deban cambiar de centro para continua-los seus estudos e desexen face-la reserva de praza no centro ó que está adscrito o centro de educación primaria, solicitarán dita reserva no centro de primaria, quedando automaticamente admitidos, sen necesidade de novo proceso de admisión.

2. Ós efectos previstos no artigo 5º esta orde, os directores dos centros de primaria enviarán, antes do 15 de marzo, ó director do centro ó que están adscritos, a relación nominal dos alumnos que fixeron a solicitude de reserva.

3. Os alumnos que non fixesen a reserva de praza á que se refiren os puntos anteriores deberán escolarizarse de acordo co proceso de admisión previsto no Capítulo III da presente orde.

4. Os alumnos admitidos tanto mediante reserva de praza como mediante proceso de admisión, deberán formaliza-la súa matrícula no instituto de educación secundaria ou, no seu caso, no centro público integrado, nos prazos previstos no artigo 20º desta orde. Transcorridos estes prazos, entenderase que o alumno non matriculado renuncia á praza.

5. Ós efectos do establecido no punto anterior, o director do centro de primaria remitirá, antes do 25 de xuño, ó director do centro ó que está adscrito, a relación nominal de alumnos que promocionaron á educación secundaria obrigatoria.

6. Os alumnos de educación secundaria obrigatoria admitidos en centros distintos ó de adscrición deberán solicitar do centro de primaria un certificado no que conste a superación desa etapa educativa ós efectos de formaliza-la súa matrícula.

7. O director do centro receptor solicitará ós directores dos colexios de educación primaria a documentación correspondente ós alumnos que formalizaron a matrícula no centro que dirixe. Mentres tanto, toda a documentación quedará depositada no colexio de educación primaria.

Capítulo VI

Artigo 24º.- En cumprimento do establecido no Decreto 320/1996, do 26 de xullo, cando alumnos con necesidades educativas especiais, en resposta ás súas necesidades, requiran dotación e equipamentos singulares de difícil xeneralización, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, previos os informes que estime oportunos, determinará o centro onde se escolarizarán preferentemente.

Artigo 25º.- Os alumnos que, por causas debidamente xustificadas (traslado de localidade ou outras), non se matriculasen nos prazos fixados, presentarán a súa solicitude, xunto cos xustificantes correspondentes na delegación provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, que resolverá segundo proceda, tendo en conta o informe da inspección.

Artigo 26º.- Contra as resolucións dos consellos escolares, das comisións de escolarización e, se é o caso, da inspección educativa poderase presentar reclamación, no prazo de tres días contados a partir da data da súa publicación, ante o órgano que as dictou, que deberá resolver no prazo de cinco días. Contra esta resolución poderase interpoñer recurso de alzada ante o delegado provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, segundo o establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada por la Lei 4/1999.

Artigo 27º.- As persoas que teñan acceso á documentación presentada polos solicitantes no proceso de admisión de alumnos terán o mesmo deber de sigilo en relación con ela que os funcionarios da Administración pública.

Artigo 28.- O disposto nesta orde será de aplicación ós centros privados concertados en todos aqueles aspectos que lles afecten segundo os niveis de ensinanza que impartan.

DISPOSICIÓNS TRANSITORIAS

Primeira.- O establecido no artigo 22º desta orde é de aplicación ós centros de educación primaria que escolaricen provisionalmente alumnos do primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria.

Segunda.- Os alumnos que rematen o primeiro ciclo da educación secundaria obrigatoria nos centros ós que se refire a disposición transitoria primeira escolarizaranse no 2º ciclo, de acordo co proceso establecido no artigo 23º desta orde para os alumnos que rematen educación primaria.

Terceira.- Sen prexuízo do establecido na disposición derogatoria primeira e co fin de harmonizar co establecido nesta orde os procesos iniciados ó abeiro da Orde do 5 de abril de 1995, pola que se regula o procedemento para admisión de alumnos en educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria en centros sostidos con fondos públicos, son válidas, para o proceso de escolarización do curso 2001/2002, as solicitudes de admisión presentadas segundo o modelo do anexo II á citada orde do 5 de abril de 1995.

DISPOSICIÓNS DEROGATORIAS

Primeira.- Derrógase a Orde do 5 de abril de 1995 pola que se regula o procedemento para admisión de alumnos en educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria en centros sostidos con fondos públicos.

Segunda.- Derrógase o artigo 15º da Orde do 30 de xuño de 2000 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2000/2001, nos centros docentes de niveis non universitarios

sostidos con fondos públicos.

DISPOSICIÓN DERRADEIRAS

Primeira.- Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Segunda.- Autorízase á Dirección Xeral de Centros e Inspección Educativa para dicta-las normas necesarias para a aplicación e desenvolvemento desta Orde.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2001
Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DELEGACIÓN PROVINCIAL DE _____

RESERVA PARA O CURSO 20__/20__

Centro:		Localidade:	
Apelidos do pai (ou titor/a):		Nome do pai (ou titor/a):	
Apelidos da nai:		Nome da nai:	
Domicilio:		DNI:	
Rúa, Barrio ou Lugar:		Nº, piso e letra:	
Código Postal:		Parroquia:	
Localidade:		Provincia:	
		Teléfono(s):	

De conformidade co establecido no artigo 2º da Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 16 de marzo de 2001 pola que se regula o procedemento para a admisión de alumnos en educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria en centros sostidos con fondos públicos, solicito a RESERVA DE PRAZA no Centro* citado, na etapa e curso que se indican, para o/a alumno/a seguinte:

Apelidos do/a alumno/a:		Nome do/a alumno/a:	
Etapa:		Curso:	
**			

* No caso dos alumnos que deban cambiar de centro para continua-los seus estudos, entenderase que a reserva se fai para o centro ó que están adscritos.

** Educación infantil, educación primaria ou educación secundaria obrigatoria.

_____, ____ de _____ de 20__

O pai, nai ou titor/a legal

Asdo.: _____

SR/A. DIRECTOR/A DO CENTRO _____

3<-----

XUSTIFICANTE PARA O/A INTERESADO/A:

RESERVA PARA O CURSO 20__/20__

Data de entrada
SELO
Data de entrada

Apelidos do/a alumno/a:		Nome do/a alumno/a:	
Centro:		Localidade:	

Esta solicitude non implica a matrícula no centro que deberá formalizarse nos prazos establecidos no artigo 20º da Orde do 16 de marzo de 2001 pola que se regula o procedemento para a admisión de alumnos en educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria en centros sostidos con fondos públicos.

ANEXO II



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

PROCEDEMENTO: ADMISIÓN DE ALUMNOS EN EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E SECUNDARIA OBRIGATORIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO: ED312B	DOCUMENTO: SOLICITUDE
---	---------------------------------------	------------------------------

DATOS DO/A ALUMNO/A

APELIDOS: _____	NOME: _____	DNI: _____	DATA DE NACEMENTO: _____
APELIDOS E NOME DO PAI OU TITOR: _____			DNI: _____
APELIDOS E NOME DA NAI: _____			DNI: _____

EXPÓN:

Que está cursando/cursou estudos de _____ (curso) Etapa _____ (Infantil, Primaria, ESO) no centro:

(Denominación do centro)

SOLICITA:

Ser admitido/a para o curso escolar 20____/20____ como alumno/a do centro _____ (Denominación do centro) no curso, ciclo e etapa que se detalla a continuación:

(marcar cun X onde corresponda)

1.- ☐ E. INFANTIL	1º	2º	3º	1º	2º	3º
	1º ciclo 2º ciclo					
2.- ☐ E. PRIMARIA	1º	2º	1º	2º	1º	2º
	1º ciclo 2º ciclo 3º ciclo					
3.- ☐ ESO	1º	2º	3º	4º		
	1º ciclo cursos					

Para tal efecto declara que:

1.- O seu domicilio familiar atópase sito en

(Concello, provincia, rúa, nº, código postal, teléfono)

2.- A renda anual percibida pola unidade familiar do solicitante no exercicio do ano ____ foi de

3.- No centro ó que se dirixe esta solicitude estudian os seguintes irmáns do/a solicitante:

Apellidos e nome de cada irmán

cursos

4.- ☐ SI ☐ NON padece minusvalía física, psíquica ou sensorial

5.- ☐ SI ☐ NON pertence a familia numerosa

6.- Os datos mencionados acredítanse xuntando a seguinte documentación (marcar cun X), autorizando a súa cesión á inspección educativa ou, no seu caso, á comisión de escolarización, ós efectos previstos nos artigos 16º e 26º da Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 16 de marzo de 2001 e dos artigos 6 e 7 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.

DOMICILIO FAMILIAR.- Certificación do concello ☐

RENDA.- Fotocopia da declaración da renda ☐ certificación de non tela presentado ☐ ou outra documentación acreditativa ☐

MINUSVALÍA.- Certificado do INSERSO ☐

FAMILIA NUMEROSA.- Fotocopia do carné de familia numerosa ☐

7.- Renuncia expresamente a ser baremado nos criterios para os que non xunta a documentación correspondente.

No suposto de que non sexa admitido no centro mencionado anteriormente, solicita ser admitido, por orde de prioridade, nos seguintes centros (indicar: centro, etapa e curso):

1º _____	2º _____
3º _____	4º _____
5º _____	6º _____

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 16 de marzo de 2001 pola que se regula o procedemento para a admisión de alumnos en educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria en centros sostidos con fondos públicos.
Decreto 87/1995 do 16 de marzo.

SINATURA DO ALUMNO OU, NO SEU CASO, DO SEU PAI, NAI OU TITORIA LEGAL

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO

REVISADO E CONFORME

NUMERO DE EXPEDIENTE

DATA DE ENTRADA

/ /

DATA DE EFECTOS

/ /

DATA DE SAIDA

/ /

de

de 20

ANEXO III

Criterios de Admisión

PROXIMIDADE DO DOMICILIO

- a) Alumnos con domicilio familiar na zona de influencia do centro solicitado:.....5 puntos.
- b) Alumnos con domicilio familiar en zonas limítrofes á do centro solicitado:.....2 puntos.
- c) Alumnos con domicilio familiar no mesmo concello que o do centro solicitado.....1 punto.
- d) Alumnos que non estean en algunha das circunstancias anteriores.....0 puntos.

Xustificante: Certificado de empadramento, expedido polo concello.

RENDA ANUAL DA UNIDADE FAMILIAR

- a) Rendas iguais ou inferiores ó dobre do salario mínimo interprofesional:.....2 puntos.
- b) Rendas superiores ó dobre do salario mínimo interprofesional que non excedan o cuádruplo do salario mínimo interprofesional.....1 punto.
- c) Rendas superiores ó cuádruplo do salario mínimo interprofesional:.....0 puntos.

Xustificante: Fotocopia compulsada da declaración da renda. Se os pais do solicitante fan a declaración por separado, presentárase fotocopia compulsada de ámbalas dúas.

Criterios de aplicación:

- 1º De non presentarse a declaración da renda, outorgáranse cero puntos por este apartado.
- 2º Se unicamente se presenta o certificado da Axencia Tributaria de non ter feita a declaración da renda, outórgase un punto por este apartado.
- 3º Para obter, no seu caso, os dous puntos previstos no apartado a) é necesario acreditar documentalmente que a renda familiar é inferior ó dobre do salario mínimo interprofesional.

EXISTENCIA DE IRMÁNS MATRICULADOS NO CENTRO.

- a) Primeiro irmán no centro:.....3 puntos.
- b) Por cada un dos irmáns seguintes:.....1 punto.

Xustificante: Comprobación por parte do centro.

OUTROS CRITERIOS

- a) Pola condición de familia numerosa:.....1 punto.

Xustificante: Fotocopia compulsada do título de familia numerosa.

- b) Pola condición de minusválido:.....1 punto.

Xustificante: Certificado médico.

CRITERIOS PARA RESOLVE-LOS CASOS DE EMPATE NA PUNTUACIÓN OUTORGADA ÓS SOLICITANTES.

- a) Maior puntuación obtida no apartado de proximidade domiciliaria.
- b) Maior puntuación obtida no apartado de irmáns matriculados no centro.
- c) A condición de minusvalía.
- d) A condición de familia numerosa.
- e) Maior puntuación obtida no apartado de renda anual da unidade familiar.
- f) O sorteo público ante o consello escolar do centro.

ANEXO IV a)



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DELEGACIÓN PROVINCIAL DE _____

Educación Infantil/Primaria

FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA PARA O CURSO 20__/20__

CENTRO:		LOCALIDADE:	
APELIDOS DO/A ALUMNO/A:		NOME DO/A ALUMNO/A:	
APELIDOS DO PAI (OU TITOR/A):		NOME DO PAI (OU TITOR/A):	
APELIDOS DA NAI:		NOME DA NAI:	
DOMICILIO:		DNI:	
RUA, BARRIO OU LUGAR:		Nº, PISO E LETRA:	PARROQUIA:
CÓDIGO POSTAL:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:	TELÉFONO(S):

De conformidade co establecido nos artigos 19º e 20º da Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 16 de marzo de 2001 pola que se regula o procedemento para a admisión de alumnos en educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria en centros sostidos con fondos públicos, solicito, para o curso 20__/20__, a MATRÍCULA nese Centro do/a alumno/a antedito/a no curso da etapa educativa que se indica.

☐ EDUCACIÓN INFANTIL	1º ciclo 1º 2º 3º	2º ciclo 1º 2º 3º	
☐ EDUCACIÓN PRIMARIA	1º ciclo 1º 2º	2º ciclo 1º 2º	3º ciclo 1º 2º
☐ Relixión (_____) * ☐ Actividades de estudio alternativas			
☐ SI ☐ NON É USUARIO DO TRANSPORTE ESCOLAR			
NOME DA PARADA		PARROQUIA	

_____, ____ de _____ de 20__

O pai, nai ou titor/a legal

Asdo.: _____

SR/A. DIRECTOR/A DO CENTRO _____

✂-----

XUSTIFICANTE PARA O/A INTERESADO/A:

FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA PARA O CURSO 20__/20__

☐ Educación Infantil	☐ Educación Primaria
1º ciclo 1º 2º 3º	2º ciclo 1º 2º 3º
1º ciclo 1º 2º	2º ciclo 1º 2º
	3º ciclo 1º 2º

Data de entrada
SELO
Data de entrada

APELIDOS DO/A ALUMNO/A:		NOME DO/A ALUMNO/A:		DNI:
CENTRO:		LOCALIDADE:		

ANEXO IV b)



CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DELEGACIÓN PROVINCIAL DE _____

Educación Secundaria Obrigatoria

FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA PARA O CURSO 20____/20____

CENTRO:		LOCALIDADE:	
APELIDOS DO/A ALUMNO/A:		NOME DO/A ALUMNO/A:	DNI:
APELIDOS DO PAI (OU TITOR/A):		NOME DO PAI (OU TITOR/A):	DNI:
APELIDOS DA NAI:		NOME DA NAI:	DNI:
DOMICILIO:			
RUA, BARRIO OU LUGAR:		Nº, PISO E LETRA:	PARROQUIA:
CÓDIGO POSTAL:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:	TELÉFONO(S):

De conformidade co establecido nos artigos 19º e 20º da Orde da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 16 de marzo de 2001 pola que se regula o procedemento para a admisión de alumnos en educación infantil, primaria e secundaria obrigatoria en centros sostidos con fondos públicos, solicito, para o curso 20____/20____, a MATRÍCULA nese Centro do/a alumno/a antedito/a no curso que se indica da EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA e nas opcións que se sinalan.

ÁREAS A CURSAR EN TÓDOLOS CURSOS Elixir unha ☐ Inglés ☐ Francés Elixir unha ☐ Relixión (_____) * ☐ Actividades de estudio alternativas * Indica-la elixida: católica, evanxélica, islámica, xudía...											
ÁREAS E/OU MATERIAS OPTATIVAS POR CURSO											
1º ciclo	1º ☐	Sinalar unha ☐ Segunda lingua estranxeira: ☐ Francés ☐ Inglés ☐ Obradoiro de comunicación oral** ☐ Obradoiro de matemáticas**	**Os obradoiros só se cursarán no caso de cumprí-los requisitos establecidos nas Ordes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria do 30 de abril de 1996 (DOG do 29 de maio) e do 19 de xuño de 1996 (DOG do 11 de xullo).								
	2º ☐										
	3º ☐										
4º ☐	Materia Optativa	Materiais Troncais <table border="1"> <tr><td>1</td><td></td></tr> <tr><td>2</td><td></td></tr> </table>	1		2		Materiais optativas <table border="1"> <tr><td>1</td><td></td></tr> <tr><td>2</td><td></td></tr> </table>	1		2	
1											
2											
1											
2											
☐ SI ☐ NON É USUARIO DO TRANSPORTE ESCOLAR											
NOME DA PARADA		PARROQUIA									

_____, ____ de _____ de 20____

O pai, nai ou titor/a legal

Asdo.: _____

SR/A. DIRECTOR/A DO CENTRO _____

XUSTIFICANTE PARA O/A INTERESADO/A:

FORMALIZACIÓN DE MATRÍCULA PARA O CURSO 20____/20____

1º 2º 3º 4º

Educación Secundaria Obrigatoria ☐ ☐ ☐ ☐

APELIDOS DO/A ALUMNO/A:		NOME DO/A ALUMNO/A:	DNI:
CENTRO:		LOCALIDADE:	

Data de entrada
SELO
Data de entrada